



Sanidade

A Consellaría de Sanidade obriga a máis da metade do seu persoal a facer máis xornada da pactada

Pola vía dos feitos, este departamento autonómico ignora o acordo asinado no ano 2023 na mesa sectorial, que fixou unha redución progresiva da xornada para situala en 1533 horas anuais

25-8-2025. - Comisións Obreiras (CCOO) denuncia que a Consellaría de Sanidade obriga a máis da metade dos seus case 47 000 traballadores e traballadoras a facer máis xornada laboral da que está pactada. Pola vía dos feitos, este departamento autonómico fai caso omiso ao «importantísimo acordo» asinado en abril do 2023 na mesa sectorial para ir reducindo progresivamente a xornada anual ata situala en 1533 horas, equivalentes a 35 horas semanais, ademais de suprimir a obriga de traballar os sábados de mañá.

A secretaria xeral da Federación de Sanidade de CCOO de Galicia, Luz Fernández, sinala que neste ano 2025 «é de obrigado cumprimento» situarse nas 35 horas semanais. Porén, o Sergas deu instrucións para que milleiros de traballadores e traballadoras sigan facendo horas a máis e sen compensación. «Cada traballador ou traballadora con quenda diúrna fai un mínimo de tres días extra ao ano; son milleiros de xornadas laborais que entre todas e todos lle ‘regalamos’ á Consellaría», censura a sindicalista.

CCOO atribúe este incumprimento á Dirección de Recursos Humanos do Sergas, que lles ordenou ás Xerencias das Áreas Sanitarias non concederen a libranza dos días extras que se traballan, «cunha falta total de transparencia e rigor», reprocha Luz Fernández.

Esta decisión prexudica todo o persoal da atención primaria —tanto dos centros de saúde como dos PAC— e todo o persoal dos hospitais sen quenda nocturna. En total, «máis da metade dos 47 000 traballadores e traballadoras do Sergas padece este incumprimento», subliña a secretaria xeral de CCOO-Sanidade.

Xornada de sábados pola mañá

Por outra banda, a Federación sinala que tamén se está a incumprir este ano o que se refire ao traballo non obrigatorio nas mañás dos sábados. «Na práctica, moito persoal médico e de enfermaría da atención primaria segue estando obrigado a prestar servizo nese horario», apunta a dirixente sindical.

Desde o Sergas descúlpase en que están á espera dun Plan de ordenación de Recursos Humanos. «A día de hoxe, nin sequera temos un borrador deste proxecto. Todo parece indicar que a intención da Consellaría é que o persoal siga facendo horas a máis os sábados pola mañá, tamén no ano 2026», expón a sindicalista.

Conclúe Luz Fernández que «nunca unha Consellaría de Sanidade causou máis desigualdades entre os seus profesionais, nin houbo maior desgobierno no Sergas, tanto pola súa incapacidade para chegar a acordos, coma polas instrucións unilaterais que ditou en pouco máis dun ano de mandato».

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2025

GABINETE DE COMUNICACIÓN